Completados os expedientes coas contestacións aos ditos requirimentos e realizadas as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe procederse á estimación ou, no seu caso, desestimación das solicitudes, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade emitiuse informe, o 14 de xuño de 2023, no que se determinou os solicitantes que se atopaban na situación que fundamentaba a concesión das subvencións ou nos que concorían as circunstancias e se cumprían as condicións e requisitos previstos nas Bases canalizadoras de aquelas para poder ser os seus beneficiarios.

III.- Á vista dos expedientes dos ditos solicitantes e en virtude do disposto na Base 9 das canalizadoras das subvencións, a Comisión procedeu á súa avaliación, en sesión constituída ao efecto o día 16 de xuño de 2023, utilizando para elo os criterios de valoración establecidos na Base 8 das canalizadoras das subvencións, e emitindo informe no que se concretou o resultado de aquela e a prelación das solicitudes.

Por todo canto vai exposto, á vista do expediente e do citado informe da Comisión de Avaliación prevista na Base 9 das canalizadoras das subvencións, propoño que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1. Ditar resolución provisional de concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, na execución do programa “O que non arde”, na anualidade 2023, en favor dos beneficiarios, para os investimentos e nas contías que se relacionan no anexo I a esta Proposta, de acordo aos criterios de determinación do importe das subvencións referidos na Base 8 da convocatoria, segundo a especificación que consta na Acta da Comisión de Avaliación.

2. Ditar resolución provisional de desestimación das solicitudes que se relacionan no anexo II desta Proposta.

3. Outorgar a este Acordo provisional o carácter de definitivo, no caso de finalizar o trámite de audiencia sen que se formulasen alegacións, o que será publicado no BOP de Lugo en na páxina *web* da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.gal) para o seu coñecemento e efectos oportunos.

4. Notificar este Acordo provisional aos interesados, por medio de publicación no BOP de Lugo e na páxina *web* da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.gal), concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.

ANEXO I

RELACIÓN DE BENEFICIARIOS					
Nº expediente	NIF	Solicitante	Puntuación	INVESTIMENTO	Importe subvención
2023/CCP_01/000925	***4131**	Andrea Ferreiro Fernández	13,49	Valado fixo, valado móbil, pastor eléctrico e elementos de alimentación	1.900,00
2023/CCP_01/000915	J27390707	Explotacións Gandeiras Soli, SC	12,00	Elementos manexo gando, reposición postes e malla	2.500,00
2023/CCP_01/000916	***5061**	Isaac Losada Rey	11,00	Valado móbil, pastor eléctrico e elementos de alimentación, elementos manexo gando	2.500,00
2023/CCP_01/000912	***6972**	Isaac Carlos Mosquera Rodríguez	10,00	Elementos manexo gando, pastor eléctrico e elementos de alimentación, postes valado electrificado	2.500,00
2023/CCP_01/000918	V27139153	Monte vecinal en mano común de Carballo	10,00	Valado fixo, valado móbil, pastor eléctrico e elementos de alimentación, elementos manexo gando	2.500,00
2023/CCP_01/000884	***3773**	Estefanía López Vázquez	9,80	Pastor eléctrico e elementos de alimentación, elementos manexo gando	2.500,00
2023/CCP_01/000908	***9441**	José Antonio Fernández López	9,25	Valado fixo, valado móbil	2.500,00
2023/CCP_01/000833	***5822**	Javier Serén Pájaro	9,10	Valado fixo, valado móbil, elementos manexo gando	1.710,00

2023/CCP_01/000902	J04962064	Casa Labradela, SC	9,10	Elementos manexo gando	2.500,00
2023/CCP_01/000872	***2115**	Gonzalo Rodríguez Lamblín	8,42	Valado fixo, valado móbil, pastor eléctrico e elementos de alimentación	1.140,00
2023/PES_03/012350	***4549**	María Vanesa Goyanes Álvarez	8,34	Valado móbil, pastor eléctrico e elementos de alimentación	868,68
2023/CCP_01/000905	***4687**	Ana Pérez Boo	7,92	Valado fixo, valado móbil, pastor eléctrico e elementos de alimentación	2.500,00
2023/CCP_01/000520	J27418342	Soñara, SC (en constitución)	7,65	Valado fixo, valado móbil, pastor eléctrico e elementos de alimentación	2.500,00
2023/CCP_01/000894	***4569**	Ghizlan Harmouche	7,29	Valado fixo, valado móbil	2.500,00
2023/CCP_01/000920	G72775133	Proxecto Vieiros	7,29	Valado fixo, valado móbil, elementos de manexo	2.500,00
2023/CCP_01/000900	***4195**	Víctor Manuel Piñeiro Yáñez	7,25	Valado fixo, valado móbil	2.500,00
2023/CCP_01/000876	***0803**	Jurgita Zalgyte	7,14	Valado fixo, valado móbil	2.500,00
2023/CCP_01/000880	***5171**	Mª del Carmen González González	7,14	Pastor eléctrico e elementos de alimentación, postes valado electrificado	902,50
2023/CCP_01/000910	J27441609	Casa do Alcalde, SC	6,84	Valado fixo, valado móbil, pastor eléctrico e elementos de alimentación	2.500,00

2023/CCP_01/000782	***6895**	M ^a del Carmen Fernández Carreira	6,63	Valado móbil, pastor eléctrico e elementos de alimentación	1.140,59
2023/CCP_01/000873	***3529**	Diego Díaz Pérez	6,62	Pastor eléctrico e elementos de alimentación, elementos de manexo	2.500,00
2023/CCP_01/000875	***4847**	Borja Campo Regueiro	6,60	Valado móbil, pastor eléctrico e elementos de alimentación, elementos de manexo	1.805,00
2023/CCP_01/000901	***4716**	José Vega Eiras	6,58	Elementos de manexo	2.500,00
2023/CCP_01/000877	***4621**	Fernando Corredoira Vilariño	6,50	Valado fixo, valado móbil	2.500,00
2023/CCP_01/000883	***9142**	Cándida Novo Reges	6,49	Elementos de manexo	2.500,00
2023/CCP_01/000904	J27506922	DOD Celtas da Ulloa	6,48	Elementos de manexo	2.500,00
2023/CCP_01/000885	***5804**	Rubén Gómez Martínez	6,44	Elementos de manexo	1.615,00
2023/CCP_01/000878	***3545**	José Ángel Gallego Rodríguez	6,40	Valado fixo, valado móbil, elementos de manexo	1.294,23
TOTAL					59.876,00

ANEXO II

RELACIÓN DE SOLICITUDES DESESTIMADAS			
Expediente	Solicitante	NIF	Causa desestimación
2023/CCP_01/000889	Saúl Rouco Trastoy	***5184**	1
2023/PES_03/012458	Fundación Terreo	G42882704	1
2023/CCP_01/000903	Luis Villares Naveira	***4475**	1
2023/CCP_01/000914	Casa da Escola SC	J27485317	1
2023/CCP_01/000917	Fernando Saavedra Portela	***3906**	1
2023/CCP_01/000787	Óscar Barreira Barreira	***1965**	1
2023/CCP_01/000907	Ángel Lindín Rivas	***4805**	1
2023/CCP_01/000893	Iván Amor Pedreira	***8085**	1

2023/CCP_01/000909	Xosé Fernández López	***6128**	1
2023/CCP_01/000895	Javier López Aldegunde	***7927**	1
2023/CCP_01/000890	Iván Uz López	***4020**	1
2023/CCP_01/000892	Manuela Aldegunde Fernández	***4212**	1
2023/CCP_01/000886	Fernando López García	***4111**	1
2023/CCP_01/000896	Diego Vidal Rey	***9415**	1
2023/PES_03/010937	José Manuel Díaz Fernández	***1041**	1
2023/PES_03/011678	Oscar Santos Buján	***5197**	1
2023/CCP_01/000924	Fogares e apoio ao menor Lar	G32009607	2
Motivos desestimación	1. Aplicación da Base 2: Orzamento esgotado. 2. Incumprimento da Base 4: non realiza silvopastoreo.		

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.”

En cumprimento do resolto no punto 4 do dito Acordo e do establecido na Base 9 das canalizadoras das subvencións, a transcrita resolución provisional foi publicada no BOP de Lugo nº 145, do 26 de xuño de 2023, e na páxina *web* da Deputación de Lugo.

Finalizado o trámite de audiencia sen formularse alegacións, a resolución provisional de concesión das subvencións de referencia adquire o carácter de definitiva, o que se publica para o seu coñecemento e efectos.

Contra este Acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao desta publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado desta Orde Xurisdiccional de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao desta publicación, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que se considere procedente.

Lugo, 17 de xullo de 2023.- **O PRESIDENTE, P.D. Decreto do 4 de xullo de 2023, O DEPUTADO DELEGADO DA ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.**

R. 2353

Anuncio

RELACIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRECTAS (NOMINATIVAS E EXCEPCIONAIS) TRAMITADAS DENDE A ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR, E MOCIDADE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, NO SEGUNDO TRIMESTRE DO ANO 2023

De acordo co establecido no artigo 8.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), a xestión das subvencións realizarase, entre outros, de acordo cos principios de publicidade e transparencia.

En cumprimento do establecido no artigo 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS, e no artigo 11.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (publicada no BOP nº 82, do 13 de abril de 2021), dáse publicidade ás subvencións directas (nominativas e excepcionais) tramitadas dende a Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade da Deputación Provincial de Lugo no segundo trimestre do ano 2023:

ENTIDADE BENEFICIARIA	NIF	TIPO SUBV.	OBXECTO	ÓRGANO CONCEDINTE	DATA RESOLUCIÓN	IMPORTE	APLIC. ORZAM.
Camiña, Asoc. comarcal da Mariña Lucense	G27131275	Nominativa	Medrar dende o lecer	Presidencia	17/04/2023	5.000,00 €	3342.48900
Asociación cultural Fanto Fantini	G27455872	Nominativa	Organización Festival Osa do Mar 2023	Presidencia	15/06/2023	12.000,00 €	3342.48900
Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo	Q2771001A	Nominativa	Actividades formativas	Presidencia	04/04/2023	3.000,00 €	4190.48900

Asociación de criadores/as de ovino e caprino de Galicia	G15476286	Nominativa	Actividade 2023	Presidencia	04/04/2023	10.000,00 €	4190.48900
Asociación cultural e lúdica Catro Caños	G72667249	Nominativa	Organización Festival Vendaval Ribadeo	Presidencia	21/04/2023	5.000,00 €	4190.48900
Asoc. CORRIPA	G27506823	Nominativa	Xornadas de desenvolvemento rural	Presidencia	14/04/2023	18.000,00 €	4190.48900
Asociación de produtores de leite ecolóxico de Galicia	G27511344	Nominativa	Actividades	Presidencia	19/06/2023	3.000,00 €	4190.48900
Colexio Oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas e peritos agrícolas de Lugo	Q27710021	Nominativa	Actividades formativas	Presidencia	19/06/2023	3.000,00 €	4190.48911
Asociación de desenvolvemento rural Serra do Caurel	G27237494	Excepcional	2023, un ano no Courel	Xunta de Goberno	19/05/2023	36.956,76 €	4190.48911 (29.306,76 €) 4190.789 (7.650,00 €)
Monte Veciñal en Man Común da parroquia de Balsa	V27146760	Excepcional	Reforma almacén Monte A Balsa	Xunta de Goberno	12/05/2023	21.532,52 €	4190.789
Club de piragüismo Altruán de Ribadeo	G27282946	Excepcional	Adquisición vehículo multipraza	Xunta de Goberno	12/05/2023	24.100,00 €	3342.789
Asociación de veciños de Arante	G27116144	Excepcional	I Exposición de razas autóctonas	Presidencia	15/05/2023	7.467,00 €	4190.48911
Sociedade Cooperativa A Carqueixa	F27176775	Excepcional	Da granxa ao comedor	Xunta de Goberno	26/05/2023	16.000,00 €	4190.48911
Asociación de criadores da raza porcina Celta	G27243500	Excepcional plurianual (2023-2024)	Garantía de orixe dos produtos de Porco Celta	Xunta de Goberno	26/05/2023	18.500 €	4190.48900, ano 2023 (11.300,00 €) 4190.48900, ano 2024 (7.200,00 €)
Asociación de criadores/as de ovino e caprino de Galicia	G15476286	Excepcional plurianual (2023-2024)	Caracterización da produción das persoas socias de OVICA	Xunta de Goberno	26/05/2023	22.000,00 €	4190.4890, ano 2023 (4.400,00 €) 4190.789, ano 2023 (8.800,00 €) 4190.48900, ano 2024 (8.800,00 €)
Federación Rural Galega - FRUGA	G70237904	Excepcional plurianual (2023-2024)	Programa de actividades divulgativas, promocionais e de valorización dos viños da IXP Terras do Navia	Xunta de Goberno	26/05/2023	39.500,00 €	4190.48900, ano 2023 (23.700,00 €) 4190.48900, ano 2024 (15.800,00 €)

Lugo, 17 de xullo de 2023.- **O PRESIDENTE, P.D. Decreto do 4 de xullo de 2023, O DEPUTADO DELEGADO DA ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.**

R. 2354

ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

Anuncio

- E D I C T O -

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIODICO.

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación dos ingresos públicos e concellos que se citan:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
O INCIO	2º.trimestre-2023	Taxa de auga, lixo, e Canon auga Xunta de Galicia.
SAMOS	1º.semestre-2023	Taxa pola recollida de lixo
O SAVIÑAO	1º.semestre-2023	Taxa pola recollida de lixo
TRABADA	1º.semestre-2023	Taxa servizo recollida de lixo, tratamento e eliminación
POL	2º.trimestre-2023	Taxa pola recollida de residuos urbanos

Os Padróns poderán ser consultados polos interesados na Deputación Provincial de Lugo/ Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria (Ronda Muralla, núm. 140- Pavillón 1- CP 27004- Lugo) e no Concello correspondente, durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei Xeral Tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercitar, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

O Presidente, P. D. Decreto, de data 4/07/2023. A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas

ANUNCIO DE COBRANZA

Recadacion en período voluntario de débedas tributarias de vencemento periódico.

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunícase que o prazo de ingreso en período voluntario de Taxas e Prezos Públicos, relacionados abaixo, empezará a contar o día 26/07/2023 e finalizará o día 26/09/2023, ambos os dous incluídos.

Relación de tributos e concellos:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
O INCIO	2º.trimestre-2023	Taxa de auga, lixo, e Canon auga Xunta de Galicia.
SAMOS	1º.semestre-2023	Taxa pola recollida de lixo
O SAVIÑAO	1º.semestre-2023	Taxa pola recollida de lixo
TRABADA	1º.semestre-2023	Taxa servizo recollida de lixo, tratamento e eliminación
POL	2º.trimestre-2023	Taxa pola recollida de residuos urbanos

O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, "La Caixa" - Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S. A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A., en días laborables, de luns a venres, de 08:30 a 14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravíen o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria e realizarán, igualmente, o pagamento. O ingreso poderá realizarse por calquera canle habilitada en horario ampliado (caixeiros automáticos, internet, banca electrónica).

Tamén pode realizarse o pago na Sede Electrónica da Deputación, Portal do Contribuínte, por delegación do seu Concello, que é o que envía o Padrón para o cobro. Ou mediante xiro postal dende calquera oficina de Correos (Sociedad Estatal Correos y Telégrafos).

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impreso de domiciliación que acompaña ao documento cobratorio e remitilo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, ou ben entregalo en calquera das entidades citadas, cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nas mesmas.

Infórmase tamén que, transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de construximento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes, tal

como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon da Auga e do Coeficiente de Vertedura, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuíente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga e do Coeficiente de Vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O Presidente, P. D. Decreto, de data 4/07/2023A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez.

R. 2277

CONCELLOS

CHANTADA

Anuncio

Polo Concello Pleno, na sesión extraordinaria convocada ao abeiro do establecido no artigo 38 do ROF e celebrada o día 13 de xullo de 2023, adoptouse o seguinte acordo:

(...) **PRIMEIRO**.-Delegar na Xunta de Goberno Local as atribucións do pleno seguintes:

1.-A aprobación de proxectos de obras e servizos, cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando non estén previstos nos orzamentos.

2.-As competencias que conforme á Disposición Adicional Segunda da Lei de Contratos do Sector Público lle corresponden ao Pleno da Corporación.

SEGUNDO.-Publicar o presente decreto no Boletín Oficial da Provincia e no Portal de Transparencia do Concello de Chantada. (...)

Chantada, 17 de xullo de 2023.- O alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 2355

Anuncio

Con data do 13 de xullo de 2023 deuse conta ao Pleno do Concello, na sesión extraordinaria convocada aos efectos do establecido no artigo 38 do ROF, do Decreto da Alcaldía número 2023-0678 no que se resolveu o seguinte:

(...)

PRIMEIRO.-Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:

1.-O outorgamento e concesión de subvencións e axudas económicas de todo tipo.

2.-Aprobar a oferta de emprego público de acordo co Orzamento e o persoal aprobados polo Pleno, aprobar as bases das probas para os concursos de provisión de postos de traballo

3.-As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do plan xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

4.-As competencias para a celebración dos contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o orzamento base de licitación, non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados

5.-A Resolución de expedientes de disciplina urbanística, sancionadores, de reposición da Legalidade Urbanística e as ordes de execución a excepción de expedientes de disciplina medio ambiental e de ruína que lle correspondarán á Alcaldía.

6.-As autorizacións de dominio público e de utilización de instalacións municipais, as licenzas de vaos, taxis, vehículos de aluguer e animais perigosos.

7.-Os convenios con outras Administracións Públicas que non correspondan ó Pleno.

SEGUNDO.-A delegación efectuada ten efecto dende esta mesma data, convocándose a sesión constitutiva da Xunta de Goberno Local, sen prexuízo das preceptivas publicación no Boletín Oficial da Provincia e dación de conta ao Pleno. (...)

Chantada, 17 de xullo de 2023.- O alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 2356

Anuncio

Con data do 13 de xullo de 2023, deuse conta ao Pleno do Concello na sesión extraordinaria convocada ao abeiro do artigo 38 do ROF, do decreto número 2023-0677 dictado pola Alcaldía de Chantada que resolve:

(...)

PRIMEIRO.-Nomear membros da Xunta de Goberno Local aos seguintes Concelleiros/as, que conformarán dito Órgano xunto co Sr.Alcalde que o preside:

- 1.- D. Manuel Diéguez Carballo.
- 2.- Dona Cándida Carnero Blanco
- 3.- Dona Pamela Fernández Águila
- 4.-Don Juan Alberto Diéguez Fernández

SEGUNDO.-Nomear Tenentes de Alcalde aos seguintes Concelleiros/as, membros da Xunta de Goberno Local, que substituirán regulamentariamente ao Sr. Alcalde pola orde en que son designados:

- 1º Tenente de Alcalde: D. Manuel Diéguez Carballo.
- 2ª Tenente de Alcalde: Dona Cándida Carnero Blanco
- 3ª Tenente de Alcalde: Dona Pamela Fernández Águila.
- 4º Tenente de Alcalde: Don Juan Alberto Diéguez Fernández

TERCEIRO.-Efectuar as Delegacións especiais dos servizos que se indican. Fanse constar os servizos que non son obxecto de delegación por ser xestión da propia Alcaldía:

Alcalde: Manuel Lorenzo Varela Rodríguez	Urbanismo; Réxime Interior; Seguridade Cidadá; Relacións Institucionais e Economía e Facenda.
Tenente de Alcalde/Concelleiro/a	Delegación servizos:
1º Tenente de Alcalde: Manuel Diéguez Carballo	Cultura; novas tecnoloxías; innovación e desenvolvemento
2ª Tenente de Alcalde: Candida Carnero Blanco	Servizos Sociais e Benestar
3ª Tenente de Alcalde: Pamela Fernández Águila	Turismo; Comercio; Igualdade e Saúde Pública
4º Tenente de Alcalde: Juan Alberto Diéguez Fernández	Infraestruturas rurais; Mercado gandeiro e feiras; Patrimonio; Industrias Forestais e Incendios.
Concelleiro: Diego Otero Veiga	Medio ambiente; Parques e xardíns; Infraestruturas Urbanas; Emprego e obradoiros
Concelleira: Belén Vázquez Caseiro	Deportes; Educación e Xuventude.

CUARTO.-As Delegacións especiais recollidas no apartado terceiro da parte dispositiva desta Resolución comprenderán a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes, pero non incluírán a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

QUINTO-Os nomeamentos e delegacións deste Decreto surtirán efectos dende a data do mesmo, sen prexuízo das preceptivas publicación no Boletín Oficial da Provincia e dación de conta ao Pleno. (...)

Chantada, 17 de xullo de 2023.- O alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 2357

Anuncio

Polo Concello Pleno na sesión extraordinaria celebrada con data do 13 de xullo de 2023 se adoptou o seguinte acordo:

(...)

PRIMEIRO-Nomear como representantes da Corporación ás persoas e nos órganos e entidades como segue:

I) De funcionamento no propio Concello:

Mesa Local do Comercio. Art. 5 c) do Decreto 182/2011 Pamela Fernández Águila

II) De funcionamento alleo ao Concello:

Consello Escolar do I.E.S. Lamas das Quendas,	Belén Vázquez Caseiro
Consello Escolar do I.E.S. Val do Asma	Cándida Carnero Blanco.
Consello Escolar do CEIP Xoán de Requeixo	Manuel Lorenzo Varela Rodríguez
Consello Escolar do CEIP Eloísa Rivadulla	Pamela Fernández Águila
Consello Escolar da Escola Infantil “Galiña Azul”	Cándida Carnero Blanco

III) Entidades:

Consortio de Turismo Ribeira Sacra	Manuel Lorenzo Varela Rodríguez e/ou Pamela Fernández Águila
Consortio de Bombeiros	Manuel Lorenzo Varela Rodríguez
G.D.R.,	Manuel Lorenzo Varela Rodríguez
Asociación de Municipios do Camiño de Inverno	Diego Otero Veiga.

SEGUNDO-Publicar o presente decreto no Boletín Oficial da Provincia e no Portal de Transparencia do Concello de Chantada. (...)

Chantada, Vº Pr. O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 2358

A PASTORIZA

Anuncio

Por Resolución da alcaldía de data 06 de xullo aprobáronse os padróns das taxas polo abastecemento de auga e por recollida de lixo e canon de saneamento do 1º trimestre do exercicio 2023.

Durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente anuncio no BOP os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación dos referidos padróns e as liquidacións incorporadas a eles poderase interpor recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A falla de pagamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura no periodo voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuinte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga e do coeficiente de vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

anuncio de cobranza

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 24/07/2023 e o 24/09/2023 ámbolos dous inclusive.

Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 24/07/2023. Ao resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan.

A presente publicación, ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

Pastoriza, 5 de xullo de 2023.- O alcalde, Darío Cabaneiro Santomé.

R. 2377

O VICEDO

Anuncio

O Pleno do Concello, na sesión extraordinaria celebrada o día 18 de xullo de 2023, aprobou inicialmente o expediente nº 8/23 de modificación de créditos do presuposto municipal de 2023 e modificación da base 17.1 das aprobadas para a execución do presuposto municipal vixente. Dando cumprimento ó preceptuado no artigo 177.2 en relación co artigo 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, exponse ó público por prazo de 15 días na Secretaría-Intervención deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que se computará a partir do día seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, se poidan formular as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

O Vicedo, 18 de xullo de 2023.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 2378
